

Querido Luis: Recibín o dibuxo de Caparrós. Xa o ten ele. Entregueillo nunha pequena festa na nosa casa. Quedou tolo de ledicia e sumamente agrado. Supoño que terá escrito dádoche as gracias.

A mín paréceme un dibuxo espléndido. É difícil de comprendder cómo por unha soia foto, e apenas conoscendo ao modelo, se pode chegar a isa especie de adiviñación psicolóxica que tí amosas en todas e cada unha das liñas. Por outra banda, é dunha extraordinaria seguridade de trazo. En suma, un novo acerto das tuas mans miragreiras.

Xa apareceu, no derradeiro número de Grial, o texto de miña pequena intervención cando apresentei o teu álbum na librería Arenas. Vai co dibuxo da cabeza de Maruxa ao que aludo nas miñas verbas. Díme si perciasas que o remita, e fareino deseguida.

Respeito a Lorenzo Varela, descuida. En coanto chegue por eiquí atenderéino como ele se merece. Endemáis teño moitos desexos de escoitalo, de que falemos de tantas cousas interesantas e curiosas como están acontecendo. Gardo do poeta un bó recordo, e ~~xxxxxx~~ arelo anovalo.

*Apertas de Elena e miñas para Maruxa. Unha moi brateral para ti. Domingo.*